

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de marzo de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Elena Maure Noia

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez

D^a Iolanda Veloso Ríos
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día seis de marzo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(252).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(253).- CONTRATO PARA A CELEBRACIÓN DUN ESPECTÁCULO DE ANIMACIÓN NAS RÚAS DE VIGO E A EXPOSICIÓN SOBRE A RECONQUISTA DE VIGO CON MOTIVO DOS ACTOS DE CELEBRACIÓN DO BICENTENARIO DA RECONQUISTA DE VIGO. EXPTE. 673/107.

1º.- Aprobar o proxecto de contrato que de seguido se transcribe para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, do espectáculo de animación nas rúas a cargo da Asociación Histórico Cultural “ THE ROYAL GREEN JACKETS e a montaxe dunha exposición sobre “RECONQUISTA DE VIGO-A HISTORIA E A SÚA ENSINANZA, 200 ANOS DA GUERRA DE INDEPENDENCIA 1808-1814”, dentro das actividades de celebración do Bicentenario da Reconquista de Vigo durante o mes de marzo de 2009.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 208.800€ (IVE incluído) con cargo á partida Orzamentaria 1112.226.08.00 (Bicentenario) en relación o contrato a favor da empresa MUESTRALO-Organización de eventos.

3º.- Autorizar a sinatura do contrato ao Tenente de alcalde, a Santiago Domínguez Olveira.

CONTRATO DE REPRESENTACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO ESPECTACULO DE ANIMACION NAS RUAS DE VIGO E EXPOSICION RECONQUISTA DE VIGO-A HISTORIA E A SÚA ENSINANZA, 200 ANOS DA GUERRA DE INDEPENDENCIA 1808-1814” CON MOTIVO DOS ACTOS DE CELEBRACIÓN DO BICENTENARIO DA FESTA DA RECONQUISTA DE VIGO.

En Vigo, a de marzo de 2009

Por parte do Concello de Vigo

D. Santiago Dominguez Olveira na súa calidade de Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, na representación legal do Concello de Vigo (CIF-3605700-H), con enderezo social en Vigo, Praza do Rei nº 1, CP- 36202, que no presente contrato denominarase CONCELO, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Por parte da empresa:

D. Javier Díaz Arnau, NIF 36.121.702-H, en calidade de Apoderado, e que actúa en nome da empresa denominada Muestralo, S.L. CIF B-36.942.241, e con enderezo en Camiño Avispeira, 10 – Chapelá -Redondela, CP 36320 ; no sucesivo “MUESTRALO”, segundo resulta do poder que figura na escritura pública de data 7/10/2004, autorizada polo notario D. Francisco Fernández Iñigo, co número 1075 do seu protocolo .

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O CONCELLO contrata a “Muestraló” para que organice as seguintes actividades dentro do programa de dinamización do Bicentenario da Reconquista de Vigo, según as especificacións técnicas da proposta de organización e o anexo deste contrato :

- a) Espectáculo nas rúas a cargo da Asociación Histórica Cultural “THE ROYAL GREEN JACKETS”, no mes de marzo, en distintos puntos da cidade.*
- b) Unha exposición sobre a Reconquista de Vigo, a través do proxecto “A Historia e a súa ensinanza, “200 anos da guerra da independencia 1808-1814”, no cal serán expostas pezas exclusivas pertencentes a diversos museos vinculados con este proxecto.*

A Empresa Muestraló comprométese a non realizar ningunha outra actividade vinculados con estes temas dentro dos trinta días anteriores ás datas indicadas no ámbito da provincia de Pontevedra.

VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva desde o momento en que se atope en poder da MUESTRALO, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- MUESTRALO percibirá unha retribución de 180.000,00 (cento oitenta mil) euros, máis 28.800,00 (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un total de 208.800,00 € (dous centos oito mil oitocentos), en concepto da realización das actividades descritas. Este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención, así como a cesión temporal de pezas para a exposición e todos os aspectos necesario para o desenvolvemento destas actividades.

O importe deste contrato será a cargo da partida Orzamentaria 1112.226.08.00 (Bicentenario-Reconquista de Vigo) do orzamento vixente do Concello de Vigo

O pagamento deste importe realizarase mediante transferencia bancaria, trala presentación da correspondente factura o Concello de Vigo, e informada polo servizo correspondente. Para a tramitación do pago será necesario que a empresa MUESTRALO achegue coa factura informe-memoria das actividades realizadas.

Datos bancarios para a realización da transferencia: 2080 0800 69 0040001976

O prezo establecido neste contrato non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de xestión, publicidade e cesión de espazos ou autorización para as actividades nas rúas.

PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización destas actividades en relación ao ámbito municipal.

PROMOCIÓN E IMAXE DOS EVENTOS

Sexta.- O CONCELLO non poderá comercializar por sí ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, nome ou logotipo do grupo The Royal Green Jackets, sen o anterior consentimento da empresa MUESTRALO.

Septima.- MUESTRALO fixará os contactos promocionais oportunos, cos medios de comunicación, en coordinación coa xefatura de prensa da Tenencia de Alcaldía.

PUBLICIDADE

Oitava.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada á actuación contratada. MUESTRALO porá á disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso de que MUESTRALO queira situar publicidade sobre diversos espazos das cidades e/ou outros espazos dos recintos das actividades, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

PATROCINIOS

Novena.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como nos espazos de actuación.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décima.- O CONCELLO coordinará os aspectos de seguridade xeral vinculadas coa realización das actividades, polo que serán da súa conta a comunicación das actividades a Policía Municipal, sen perxuízo da responsabilidade que corresponda a MUESTRALO como entidade organizadora.

Décimo primeira.- MUESTRALO asumirá a responsabilidade sobre todo os obxectos e medios dispostos para as actividades e de forma específica sobre o contido da exposición.

INSTALACIONES

Décimo segunda.- As instalacións, dependencias, espacios nas ruas e outras necesidades para o desenvolvemento destas actividades estarán en perfecto estado de disponibilidad, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Décimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

No caso de imposibilidade xustificada para o desenvolvemento das actividades vinculadas co grupo "THE ROYAL GREEN JACKETS", de cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa a presentación dos xustificantes oportunos, MUESTRALO poderá resolvelo sin nungun dereito de indemnización por parte do Concello; neste caso, MUESTRALO tampouco percibirá cantidade alguna do pactado no presente contrato.

Décimo cuarta.- O CONCELLO non asume respecto o grupo e a empresa MUESTRALO ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus anexos.

SUBMISIÓN

Décimo quinta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realizan as actividades, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

LEXISLACIÓN APLICABLE O CONTRATO:

Décimo sexta: Este contrato se rixe en relación o seu procedemento de adxudicación según o establecido pola Lei 30/2007 LCSP e as disposicións de desenvolvemento e en canto os efectos de extinción polas normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1.- INSTALACIONES E EQUIPAMENTOS

Instalación da exposición:

A exposición sobre a Reconquista de Vigo terá lugar no mes de marzo de 2009 no Pazo Quiñones de León.

EXPOSICIÓN: DATOS DE PEZAS

Muéstralo COMPROMETESE a recoller na exposición as seguintes pezas:

Acordou co Ministerio de Defensa a montaxe da súa exposición “A Historia e a súa ensinanza, douscentos anos da Guerra de Independencia 1808 – 1814” coma complemento a exposición organizada con motivo do Bicentenario da Reconquista. O Ministerio de Defensa deixa nas mans da Asociación Histórico cultural dos Royal Green Jackets o transporte, a xestión da montaxe, disposición nas salas e desmontaxe do seus componentes. Muéstralo ten firmado un acordo de exclusividade cós Royal Green Jackets para todos os actos a celebrarse en Vigo.

Museo Militar Rexional de A Coruña:

- *Mortero de Plancha 1866, calibre 195,*
- *Cartucho Inglés con elementos de disparo, dúas balas esféricas e pedernal,*
- *Baioneta de cubo inglesa de 1800,*
- *Canón de ferro de borde esmeril de 2.5 polgadas, liso, avancarga 1800 – 1850,*
- *Pistola de Chispa de chave Miquelete 1970,*
- *Pistola de chispa de chave inglesa 1808 de 17 milímetros*
- *Polvoreras francesas (dos unidades) 1754-1776,*
- *Medalla do Centenario de Ponte Sampaio(1909),*
- *Medalla do centenario da Independencia de Vigo (1909),*
- *Uniforme de soldado de Infantería do 9º Rexemento East Norfolk (Gran Bretaña 1808),*
- *Sable español para oficial de cabalería (1807), Bala de a 12 (1809)*

Museo Naval de Madrid:

- *Retrato de Pablo Morillo. Anónimo. Óleo sobre lenzo,*
- *Embarque das tropas de Moore no Porto de A Coruña. Estampa calcográfica de 1809*
- *Medalla do centenario de Ponte Sampaio,*
- *Miniatura de Oficial de Mariña*
- *Once proxectis de ferro e 3 bombas para obuses*

Museo Diocesano de Tui Vigo:

- *Retrato de Fernando VII de José Camarón y Meliá. 1814,*
- *Reprodución de libros de defuntos con anotacións entre xaneiro e agosto de 1809,*
- *Libros de defuntos orixinais pertencentes a Parroquia de Santa María de Lavadores e a Colexiata.*

Archivo Histórico Nacional:

- *Bandos dados por Chalot, comandante Militar de la plaza de Vigo,*
- *Copias de cartas do barón de la Martiniere ao Comandante de Vigo,*

- *Auxilios ao exército de Galicia, Comisiones a Galicia para a súa sublevación e toma de Vigo*

Ministerio de Defensa:

- *2 Bandeiras francesas do 15eme de Ligne e da Guarda Imperial,*
- *3 Bustos con peana de madeira branca (General Sir John Moore, General Castaños y Emperador Napoleón Bonaparte),*
- *Un canón có seu armón de artillería completo,*
- *Cabalo Dragón del 15eme FRANCES,*
- *Figuras de Galeote,*
- *2 Maniqués Regimiento Jaén e Granadero de la Guardia,*
- *4 Maniqués con 71º Británico, Artillero español, Dragón e Mariscal Soult.*
- *Águia Imperial de replica do Buque Atlas,*
- *Chapas de Chacos e botóns de uniformes,*
- *Composición de obxectos dun soldado (mochila, pertrechos, etc),*
- *5 mapas de España, grandes, cóos sucesos de 1807, 1808, 1809 e 1810, así como a xeral de 1808 a 1814,*
- *Paneis, coa sucesión de acontecementos da Guerra en Galicia e retirada da Coruña,*
- *Paneis-mapas, coa entrada dos franceses en España,*
- *Miniaturas de soldados e cabalos de chumbo,*
- *Uniforme completo de Mariscal Soult,*
- *Uniforme e maniquí sentado para composición de Coronel Chalot coa rendición de Vigo.*

A obtención das pezas procedentes ben doutros museos ben doutras exposicións trae consigo a contratación dun seguro e un transporte especializados para traelas ao museo Quiñones de León cuíos costes son asumidos por Muestralo.

MUESTRALO será responsable da montaxe das diferentes salas e a acomodación das pezas en vitrinas e soportes que se fabricarán a tal efecto, a elaboración de diferentes vídeos explicativos que ilustrarán á exposición e a contratación dun actor para facer de guía nas visitas dos colexios,

Igualmente Muéstralo elaborará os programas para repartir aos visitantes e entre distintas asociacións ou organizacións con interese na exposición, así coma a realización de carteis publicitario.

A organización incluírá a imaxe corporativa de Tenencia de Alcaldía e da Concellería de Cultura en todo o material que se edite para difundir esta exposición.

Igualmente, comprométese a contar coa participación dos distintos departamentos relacionados con turismo e cultura do Concello de Vigo á hora de facer partícipe aos cidadáns destas actividades.

- *Muestralo presenta un acordo de representación cos Royal Green Jackets para as actividades referentes a celebración do Bicentenario da Reconquista de Vigo que inclúe:*
 - *Participación de 40 persoas debidamente caracterizadas para recrear a batalla da Independencia equipadas coas armas, pólvora e animais necesarios*

para levala a cabo en escenarios debidamente ión. Facer duas representacións con 40 membros dos Royal Green Jackets máis catro cabalos recreando escenas da Reconquista

- Muéstralo correrá cos gastos derivados do seu transporte, hospedaxe e dietas durante os dous días que permanecerán na cidade*
- Muestralo correrá tamén cos gastos procedentes da decoración dos lugares donde van ter lugar as representacións.*
- Ocuparase da difusión destas representacións mediante o deseño e reparto de cartaces e folletos informativos por toda a cidade.*
- Complementará as actividades desenvolvidas polos Royal Green Jackets con outras representación de carácter festivos nos distintos fins de semana do mes de marzo para espallar ao resto da cidade o espírito da Reconquista de Vigo.*

O CONCELLO e MUESTRALO coñecen e aceptan as características xerais dos locais e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

VEHÍCULOS

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro dos vehículos vinculados coas actividades, para o que MUESTRALO deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 10 días naturais respecto á data dos eventos, os datos necesarios dos vehículos.

PERSOAL DE PRODUCCIÓN

RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante MUESTRALO para as cuestións de produción e organización relacionadas cos eventos. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsable da produción estará permanentemente localizable.

VIXILANCIA E SEGURIDADE

MUESTRALO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen a MUESTRALO neste contrato.

EXPOSICIÓN E ACTIVIDADES NA RÚA

A exposición sobre a Reconquista de Vigo terá lugar no museo municipal de Vigo, Pazo Quiñones de Leon, no vindeiro mes de marzo de 2009.

As actividades na rúa comezaran con estricteza puntualidade á hora fixada na documentación presentada, que será a anunciada ao público. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade.

PUBLICIDADE

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (programa completo...), fotografías de calidade en CD, etc.

PROGRAMA

O programa das actividades será o que figura como anexo do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada por MUESTRALO por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da Tenencia de Alcaldía.

Ambas partes contratantes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas dos eventos; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.